



RumiLife® CAL24

Unha solución cómoda, eficaz e rendible
para a febre do leite

O gandeiro de vacún de leite tivo que aprender a convivir coa febre do leite ou hipocalcemia. A medida que o sector se foi profesionalizando, co avance da xenética e o incremento das producións, o gandeiro viuse na obriga de afinar máis na alimentación e no coidado dos animais.

Como sucede cos icebergs e segundo destaca Javier Martínez Gallego, veterinario e técnico comercial do grupo Inatega: “Non só temos que prestar atención ás hipocalcemias que se ven senón tamén ás que non apreciamos tan facilmente, porque están aí. O gandeiro asocia esta enfermidade á vaca que cae, pero estes casos adoitan responder a un 1 ou un 5 % do conxunto do rabaño. As hipocalcemias subclínicas teñen unha incidencia do 40 ou do 50 % do efectivo e a súa consecuencia principal é que a vaca non arrinca ben a lactación. É aquí onde debemos poñer atención para que o animal teña unha boa achega de calcio e comece a producir nas mellores condicións”.

Neste senso, téñense probado distintas terapias para corrixir as hipocalcemias, desde o calcio aplicado en vea aos xeles e os bolos, pero “a día de hoxe a solución máis práctica e eficaz son os bolos de calcio”, asegura Martínez.

Inatega decantouse por **RumiLife® CAL24**, dous bolos que achegan unha cantidade importante de calcio con vitamina D e magnesio, dous elementos que axudan na asi-

Javier Martínez Gallego,
veterinario de Inatega



milación do calcio necesario. Ademais, **RumiLife® CAL24** contén tres sales de calcio diferentes que se van liberando de maneira graduada: cloruro de calcio, que está dispoñible para a vaca en minutos; carbonato de calcio, cuxa liberación é máis sostida en horas, e calcio especial incorporado nunha preparación a base de algas, que aguanta as primeiras 24 ou 36 horas. Así, provócanse tres picos de calcio no animal para que vaia cubrindo o período de risco no que poida caer.

UNHA ÚNICA APLICACIÓN

A maioría dos tratamentos dispoñibles no mercado implican unha atención especial para os animais acabados de parir xa que supoñen a subministración de varias doses cada diferentes horas. “Este tratamento consiste en aplicar dous bolos nunha única aplicación unha vez que a vaca pariu ou está no momento máis próximo ao parto. Cunha única administración, esqueceste das hipocalcemias”, así resume o técnico o método de utilización.

EXPERIENCIAS CON RumiLife® CAL24

MANUEL SANDAMIL CABANA



“Cunha soa aplicación evitamos estar picando a vaca cada certas horas”

Explotación: SAT A Vereda

Localización: Pacios. Castro de Rei (Lugo)

Animais en total: 420

Vacas en muxidura: 220

Estamos a utilizalo desde hai seis meses e decidímonos por este produto para simplificar o manexo en posparto e cubrir as hipocalcemias que se poden dar sobre todo en vacas moi adultas.

Como traballamos con xente externa, con empregados e demais, o obxectivo era simplificar o manexo. Cunha soa aplicación evitamos estar picando a vaca cada certas horas.

Non é que tivéssemos un índice alto de hipocalcemias, pero preferimos a prevención aos tratamentos.

LADISLAO LÓPEZ YÁÑEZ



“Agora tamén vemos que este calcio funciona mesmo mellor que picado”

Explotación: Casa da Grandela SC

Localización: Ponte de Outeiro.
Castro de Rei (Lugo)

Animais en total: 170

Vacas en muxidura: 90

Decidimos utilizalo por comodidade, porque antes de utilizar este produto estabamos a usar calcio picado en vea. Agora ao poder poñer estes dous bolos xuntos, é moito máis cómodo. A rutina é sempre igual no momento do parto, ao ver a vaca parida, subministrámoslle os dous bolos e listo.

Decidímonos por comodidade e agora tamén vemos que este calcio funciona mesmo mellor que picado. As vacas recupéranse mellor, o posparto é un momento de estrés para o animal e vemos que están mellor que antes en xeral.

BENITO VILA IGLESIAS



“Aplicáanse os dous no momento do parto e os resultados non cambiaron”

Explotación: SAT Vilar Alaxe

Localización: Prevesos. Castro de Rei (Lugo)

Animais en total: 400

Vacas en muxidura: 220

Estabamos a utilizar outros bolos, pero había que poñelos cada 12 horas. Estes aplícanse os dous no momento do parto e os resultados non cambiaron. Máis cómodo.

Aplicámoslos a todas as vacas, menos ás primíparas, inmediatamente despois do parto para previr hipocalcemias. Cunha soa aplicación temos este problema controlado.

ENTREVISTAS
EN VIDEO



INATEGA